

Proxecto de Decreto/2014, do..... de....., polo que se determina o deseño, funcións e organización dos servizos comúns procesuais xerais na Administración de xustiza de Galicia.

A Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, introduce un cambio significativo na organización da Administración de xustiza, baseada ata entón nun modelo antigo e burocrático, composto de microoficinas, autónomas e autosuficientes, e afastado dos criterios de axilidade, eficiencia, accesibilidade, transparencia, atención adecuada e xestión de calidade, que caracterizan ás organizacións de servizos modernas.

Deste novo marco normativo dimana un mandado ás administracións públicas competentes para que procedan á implementación desta innovadora e moderna organización, baseada na optimización dos recursos persoais e materiais e na incorporación das novas tecnoloxías e métodos de traballo, que permitan dar un mellor e máis áxil servizo ao cidadán.

O artigo 435 da Lei orgánica do poder xudicial define a nova oficina xudicial como a organización de carácter instrumental que serve de apoio e auxilio á actividade xurisdiccional de xuíces e tribunais, e determina o carácter homoxéneo da súa estrutura básica en todo o territorio nacional dado o carácter único do Poder ao que serve. O elemento organizativo básico desta estrutura xudicial é a unidade, que comprenderá os postos de traballo da mesma, vinculados funcionalmente por razón dos seus cometidos. Distínguense dous tipos de unidades: as unidades procesuais de apoio directo e os servizos comúns procesuais.

As unidades procesuais de apoio directo defínense no artigo 437 da lei orgánica como aquela unidade da oficina xudicial que directamente asiste a xuíces e maxistrados no exercicio das funcións que lle son propias, realizado as actuacións necesarias para o exacto e eficaz cumprimento de cantas resolucións diten. Existirán tantas unidades de apoio directo como xulgados ou, no seu caso, salas ou seccións de tribunais estean creados e en funcionamento. É competencia do Ministerio de Xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas con competencias asumidas, a determinación das dotacións básicas destas unidades procesuais de apoio directo.

Os servizos común procesuais, regulados no artigo 438, son aquelas unidades da oficina xudicial que, sen estar integrada nun órgano xudicial concreto, asume labores centralizadas de xestión e apoio en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais. Estes servizos comúns procesuais prestarán o seu apoio a todos ou algún dos órganos xudiciais do seu ámbito territorial, con

independencia da orde xurisdicional á que pertenza e da extensión da súa xurisdición. Os servizos comúns procesuais poden ser dos seguintes tipos: servizos comúns procesuais xerais, servizos comúns procesuais de ordenación do procedemento e servizos comúns procesuais de execución.

O artigo 438.3 da Lei orgánica do poder xudicial establece que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios serán competentes para o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais, con funcións de rexistro e reparto, actos de comunicación, auxilio xudicial, execución de resolucións xudiciais e xurisdición voluntaria. Sen prexuízo desta clasificación, tamén se poderán crear servizos comúns procesuais que asuman a ordenación do procedemento ou outras funcións. Deste xeito, pódense crear servizos comúns procesuais de asuntos xerais que aglutinen unha ou máis das funcións mencionadas no dito artigo 438.3, ou aquelas outras que sen estar incluídas, se considere que, polo seu carácter de xerais e transversais a toda a organización xudicial, deban estar incluídas neste tipo de servizos, para o que, tal e como prevé o artigo 438.4, os servizos comúns que así se constitúan se estruturarán en seccións, e estas, no seu caso, en equipos, previo informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.

A reforma da oficina xudicial require un cambio de gran envergadura, tanto dende o punto de vista organizativo, como de hábitos de traballo e relacións coa cidadanía. Este cambio está intimamente vinculado á aplicación das novas tecnoloxías e, particularmente, da colaboración de todos os implicados, xuíces, fiscais, persoal funcionario e profesionais do dereito.

É precisamente a complexidade mencionada e a experiencia da posta en marcha deste novo modelo de oficina xudicial noutros territorios o que aconsella acometer este cambio coa posta en marcha dos servizos comúns procesuais xerais, abordando os servizos comúns de ordenación de procedemento e de execución unha vez superada esta primeira etapa.

En consecuencia, o presente decreto ten por obxecto determinar o deseño, funcións e organización de determinados servizos comúns procesuais, en concreto, dos servizos comúns procesuais xerais, considerando que estes servizos son peza clave na reforma da oficina xudicial, xa que supoñen unha estrutura especializada, que protocoliza e unifica tarefas, contribuíndo desta forma ao mellor desenvolvemento dos trámites xudiciais.

O decreto tamén establece como ha de ser a dotación de persoal destes servizos, a súa dependencia orgánica e funcional así como o marco normativo que delimita as súas funcións, particularmente as previstas na Lei orgánica do poder xudicial, nas disposicións legais e regulamentarias, nas normas complementarias que se diten e, en particular, os protocolos de actuación que

para cada área de traballo aprobe a persoa titular da Secretaría de Goberno, a proposta das persoas titulares das Secretarías de Coordinación Provincial.

Os servizos comúns procesuais xerais que se deseñan terán funcións de rexistro e reparto, de información e asistencia ás vítimas e atención á cidadanía e profesionais, de actos de comunicación, de arquivo e de depósito de efectos, así como outras funcións auxiliares e de apoio. Quedan excluídas as funcións de ordenación do procedemento e de execución de resolucións xudiciais.

A concreta estrutura, creación e entrada en funcionamento será establecida mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de xustiza, constando no anexo ao presente decreto a estrutura prevista na actual organización xudicial en Galicia, e que será efectiva de xeito gradual en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Coa creación dos servizos comúns procesuais xerais pretendese impulsar o necesario proceso de modernización da administración de xustiza en Galicia, a través do establecemento de estruturas que potencien a eficacia das unidades e que faciliten a mellora continuada cara a un servizo próximo e de calidade, que deberá ser respectuoso cos principios recollidos na Carta de dereitos dos cidadáns ante a Xustiza.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza, actualiza o contido do dereito fundamento a un proceso público sen dilacións indebidas, grazas á axilización que permite o uso das novas tecnoloxías e xeneraliza o seu uso por parte dos profesionais da xustiza. No seu Título II a lei establece para os profesionais o deber de utilizar os medios electrónicos para a presentación dos seus escritos e documentos e a obriga para todos os integrantes dos órganos e oficinas xudiciais, así como das fiscalías, de usar os sistemas informáticos postos ao servizo da Administración de xustiza polas Administracións competentes, principios estes que se recollen no presente decreto.

Os principios de igualdade de xénero teranse en conta no funcionamento da oficina xudicial, en cumprimento das previsións establecidas na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención integral da violencia de xénero.

Así mesmo, garantirase o dereito da cidadanía a poderen utilizar calquera das dúas linguas oficiais, castelán e galego, nas súas relacións coa Xustiza.

O presente decreto consta de once artigos, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias, tres disposicións finais e un anexo .

A Lei orgánica do poder xudicial prevé un deseño da oficina xudicial flexible, cuxa dimensión e organización haberá de determinarse pola Administración pública competente que, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á Xunta de Galicia, por ter competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, a través dos Reais decretos 2166/1994, 2397/1996 e 233/1998.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, informada a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma, tras seren oídas as organizacións sindicais máis representativas, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día.... de de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto determinar a deseño, funcións e organización dos servizos comúns procesuais xerais en Galicia, consonte o previsto no artigo 438 da lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O seu ámbito de aplicación comprende a todos os órganos xudiciais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Definición, características e organización dos servizos comúns procesuais xerais.*

1. A efectos deste decreto se consideran servizos comúns procesuais xerais os que asumen funcións de rexistro e repartición, de información e asistencia ás vítimas e atención á cidadanía e profesionais, de actos de comunicación e execución, de arquivo e depósito de efectos, de auxilio xudicial e outras funcións auxiliares e de apoio, así como calquera outra función cuxa natureza permita e xustifique unha tramitación centralizada e homoxénea

As funcións dos servizos comúns procesuais xerais poderán estenderse a actos de execución material de resolucións xudiciais que esixan a intervención do servizo ou cuxa índole facilite un tratamento estandarizado.

Tamén asumirán aquelas outras funcións que veñan determinadas polo deber de colaboración cos órganos de goberno do Poder Xudicial, a propia Administración de xustiza ou as demais Administracións Públicas.

2. Exclúense desta consideración os servizos comúns con funcións de ordenación do procedemento e os servizos comúns de execución de resolucións xudiciais.

4. Os servizos comúns procesuais xerais asumen as funcións centralizadas de xestión e apoio de apoio de carácter xeral a todas as unidades da oficina xudicial do seu ámbito territorial en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais.

5. Dentro do marco da Lei orgánica do poder xudicial, dos regulamentos que a desenvolven, das leis procesuais, das normas organizativas establecidas pola Administracións autonómica e dos criterios xerais aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, o funcionamento e actividade diaria dos servizos comúns regularanse a través dos protocolos de actuación aprobados polos órganos competentes do corpo de secretarios xudiciais.

Artigo 4. *Funcións dos servizos comúns procesuais xerais*

1. Os servizos comúns procesuais xerais asumen de xeito centralizado as funcións de apoio de carácter xeral a todas as unidades da oficina xudicial do seu ámbito.

2. Correspóndelle a estes servizos as seguintes funcións.

2.1. Funcións de rexistro xeral de entrada:

- a) Recepción, rexistro informatizado e dixitalización dos documentos que se presenten en sede xudicial, deixando constancia da data e hora de presentación, incluídos, no seu caso, os que se presenten para o servizo de garda e asignación do número de rexistro secuencial que corresponda.
- b) Previa á súa clasificación, asignación do NIG de xeito automatizado a través da aplicación informática, único e inalterable ao longo de todo o procedemento, correspondente aos documentos iniciadores dun procedemento.
- c) Rexistro e dixitalización, no seu caso, das solicitudes de execución de títulos xudiciais para todos os ordes xudiciais e a súa remisión ao xulgado competente para a súa tramitación
- d) Rexistro das solicitudes de cooperación xudicial, nacionais e internacionais, aínda que foran dirixidas a un órgano determinado.

- e) Previa solicitude do órgano xudicial competente para a tramitación do procedemento de que se trate, a actualización dos datos dos intervinientes rexistrados no sistema de xestión procesual.
- f) Rexistro no sistema de xestión procesual dos datos das partes, profesionais, testemuñas, peritos, medidas preventivas, requisitoria, e, no seu caso, penas dos asuntos tramitados fora da sede xudicial e que foran remitidos para o seu axuízamento, ou execución, ao órgano competente.
- g) Rexistro no sistema de xestión procesual das comparecencias “apud-acta” dos imputados sometidos a devandita medida cautelar para a súa remisión e constancia ao tribunal competente.
- h) Mantemento, actualización e xestión da axenda de sinalizacións dos xuízos rápidos penais.
- i) Formación dos expedientes, compulsas de copias de documentos tras cotexalas cos orixinais e cumprimentación do formulario dos apoderamentos apud acta
- j) Xestión das devolucións informáticas de asuntos que fagan os órganos xudiciais.
- k) Comunicación dos datos de rexistro e repartición correspondentes as distintas clases de reparto, entre os distintos órganos xudiciais, cando calquera de estes o solicite
- l) Calquera outra función análoga ás anteriores.

2.2. Funcións de repartición:

- a) Repartición entre os xulgados ou seccións dos documentos que poidan xerar un novo procedemento, a través de operacións informáticas e aplicando as normas vixentes
- b) Repartición de escritos de mero trámite.
- c) Repartición das solicitudes de execución de títulos xudiciais e remisión ao xulgado competente para a súa tramitación
- d) Repartición de todas as solicitudes de cooperación xudicial .
- e) Deixar constancia nos asuntos repartidos da “diligencia de reparto”.
- f) Comunicación ao secretario ou secretaria xudicial director/a do servizo de cantas incidencias se poidan producir no reparto dos asuntos entre as distintas clases
- g) Calquera outra función análoga ás anteriores

2.3. Actos de comunicación e de execución:

- a) Recibir e rexistrar as solicitudes de práctica de actos de comunicación procesual que non deban entender con avogados, procuradores ou graduados sociais, así como os mandados de execución de resolucións procesuais.

- b) Practicar os actos de comunicación e execución sen restricións en razón da súa clase, número ou orden xurisdicional de procedencia, nos termos que se establezan para cada servizo concreto, salvo aquelas que por disposición legal deban realizarse a presenza xudicial ou ben por calquera outro medio de comunicación.
- c) Practicar os actos de comunicación e execución cando sexan interesadas a través de solicitudes de cooperación xudicial, nacional ou internacional, salvo aquelas que por disposición legal deban realizarse a presenza xudicial ou ben por calquera outro medio de comunicación.
- d) Acordar e executar cantas actuacións resulten necesarias para levar a efecto os actos de comunicación que se lles encomenden.
- e) Calquera outra función análoga ás anteriores.

2.4. Funcións de información e asistencia ás vítimas e atención á cidadanía e profesionais.

- a) Recibir e dirixir os cidadáns dentro da sede xudicial.
- b) Atender as demandas de información xeral presenciais, telefónicas e escritas, na forma e coas garantías previstas no correspondente protocolo de actuación.
- c) Responder ás concretas demandas de información sobre canles legais, procedementos, trámites, requisitos e documentación para as actuacións que o cidadán se propoña realizar, tendo en conta que, en ningún caso, a atención e información facilitada pode entrañar unha interpretación normativa, consideración ou asesoramento xurídicos, ou valoración económica algunha.
- d) Xestionar o servizo de cita previa para trámites ante as oficinas xudiciais.
- e) Atender persoalmente os profesionais e cidadáns en xeral que demanden información sobre cuestións xerais de rexistro, repartición, sinalamentos, suspensións de procedementos e consultas de similares características.
- f) Asistir ás vítimas dos delitos e faltas, facilitándolles información sobre as axudas e medidas de asistencia ás vítimas establecidas polos poderes públicos e orientar as vítimas de delitos en relación cos servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención.
- g) Informar ás testemuñas e peritos que acudan aos órganos xudiciais dos dereitos que lles asisten en materia de indemnizacións polos gastos que a súa comparecencia lles puidesen ocasionar, facilitándolles os impresos, a súa cumprimentación e a reclamación dos importes adebedados.
- h) Coñecer e valorar a satisfacción polo servizo e velar pola boa imaxe da Administración de xustiza.

- i) Rexistrar e tratar as queixas e suxestións que formulen os cidadáns e profesionais.
- j) Crear os carteis, elementos e documentos informativos necesarios.
- k) Calquera outra función análoga ás anteriores

2.5. Funcións auxiliares da oficina xudicial:

- a) Preparar e realizar as xestións precisas para a correcta celebración das vistas e xuízos e, se é o caso, para a súa gravación audiovisual; así como acoller e atender os intervenientes, asistir o tribunal e manter a orde nos mesmos.
- b) Asistir á celebración dos xuízos, vistas e comparencias que lles encomenden, realizando aquelas actuacións auxiliares precisas para o desenvolvemento daquelas.
- c) Preparar e realizar as xestións precisas para a correcta celebración das videoconferencias.
- d) Producir as copias de soportes audiovisuais e de escritos, documentos e expedientes voluminosos.
- e) Documentar debidamente os soportes das gravacións realizadas a través do sistema audiovisual.
- f) Recoller, trasladar e entregar os expedientes, escritos, comunicacións, documentos e obxectos entre as unidades da oficina xudicial da localidade, así como na fiscalía, unidades administrativas, instituto de medicina legal e servizos da Administración de xustiza.
- g) Confeccionar, a través de medios manuais ou automatizados, os sobres, os xustificantes de recepción, as listaxes e os paquetes para a entrega ao servizo de correos.
- h) Calquera outra función análoga as anteriores.

2.6. Depósito de efectos

- a) Recibir, rexistrar, fotografar, empaquetar, etiquetar, trasladar, custodiar, remitir e darlles destino ás pezas de convicción, efectos e instrumentos do delito, segundo o resolto polo tribunal.
- b) Comunicar aos órganos xudiciais correspondentes o rexistro e depósito de efectos, instrumentos do delito e pezas de convicción para a inclusión dos datos de rexistro no sistema de xestión procesual con indicación, no seu caso, da referencia e lugar onde se atopan.
- c) Calquera outra función análoga.

2.7. Arquivo de xestión

- a) Recibir e rexistrar os expedientes e documentos xudiciais remitidos ao arquivo de xestión.

- b) Clasificar, archivar e desarchivar física e informaticamente os expedientes.
- c) Etiquetar, organizar e custodiar os cartafoles e caixas de arquivo.
- d) Colaborar na confección das relacións de expedientes que deben pasar aos arquivos territoriais ou á Xunta de Expurgación.
- e) Empaquetar e remitir expedientes e documentos aos órganos xudiciais, aos servizos comúns e aos arquivos territoriais.
- f) Entregar para os efectos correspondentes os expedientes sometidos ao procedemento de expurgación.
- g) Administrar as entradas e saídas no arquivo xudicial de xestión.
- h) Calquera outra función análoga ás anteriores.

2.8. Arquivo territorial

- a) Recibir, rexistrar, clasificar, ordenar e custodiar os documentos e expedientes xudiciais que deban ser conservados nos arquivos territoriais.
- b) Remitir os documentos e expedientes solicitados polos órganos xudiciais e servizos comúns.
- c) Confeccionar e remitirle ao órgano competente as relacións de causas, autos e procedementos afectados polo transcurso dos prazos legais de prescrición ou caducidade.
- d) Entregar as series, expedientes e documentos determinados pola xunta de expurgación.
- e) Expedir certificacións e testemuños das actuacións xa concluídas que obren nos arquivos territoriais non declaradas reservadas ou secretas.
- f) Calquera outra función análoga ás anteriores.

2.9. Apoio local

- a) Adscribir os funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza para prestaren servizos nas oficinas xudiciais dos xulgados da localidade a fin de proporcionarlles apoio en situacións de sobrecarga de traballo ou de suplir as ausencias temporais.
- b) Calquera outra función análoga.

2.10. Apoio a labores gubernativas

Os servizos comúns procesuais xerais poderán prestar apoio ás presidenciais dos tribunais e ao decanatos dos xulgados das cidades para o soporte burocrático da actividade gubernativa dos seus titulares. Neles tamén se integrará o persoal de apoio á Secretaría de Coordinación Provincial.

2.11. Funcións de auxilio xudicial nacional e internacional no seu caso.

2.12. Outras funcións análogas.

Realizar outras xestións comúns para varias unidades xudiciais, de contido funcional análogo a algunhas das anteriores, que poidan xurdir no futuro como consecuencia de reformas da lexislación procesual e substantiva e calquera outras que veñan determinadas polos avances tecnolóxicos.

3. Os servizos comúns xerais procesuais asumirán exclusivamente as funcións que se lles asignen nas súas normas de creación. As funcións non centralizadas en servizos comúns permanecerán nas secretarías dos órganos xudiciais ou nas unidades de apoio directo unha vez entren estas en funcionamento.

Artigo 5. Persoal dos servizos comúns procesuais xerais

1. Secretarios/as xudiciais.

Ao fronte do servizo común xeral procesual haberá un secretario ou secretaria xudicial que, na súa calidade de director ou directora, exercerá funcións de dirección e organización da carga de traballo, e todas aquelas previstas na Lei orgánica do poder xudicial, nas leis procesuais, no Regulamento orgánico do Corpo de secretarios xudiciais, e demais normativa complementaria.

Do secretario ou secretaria director ou directora dependerán funcionalmente o resto de secretarios e secretarías xudiciais e o persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza destinados no respectivo servizo común xeral procesual.

2. Persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

O persoal funcionario dos Corpos de Xestión Procesual e Administrativa, de Tramitación Procesual e Administrativa e de Auxilio Xudicial, desempeñarán as funcións previstas na Lei orgánica do poder xudicial, nas disposicións legais e regulamentarias e demais normativa complementaria.

3. O persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da administración de xustiza dependerán organicamente da Dirección Xeral competente en material de xustiza en Galicia e funcionalmente do secretario ou secretaria xudicial director ou directora do servizo común correspondente.

4. A xefatura das seccións e dos equipos que, no seu caso, existan, corresponderá aos secretarios e secretarías xudiciais e ao resto do persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza que se determinen nas relacións de postos de traballo.

5. Os postos de traballo dos servizos comúns procesuais poderán distribuírse entre os edificios xudiciais dos tribunais e xulgados de cada localidade.

6. Consonte o previsto no artigo 521.3.a) da Lei orgánica do poder xudicial, considerase centro de destino dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza o servizo común procesual ao que queden adscritos.

Artigo 6. *Funcionamento dos servizos*

1. O Servizo Común Procesual Xeral estará dirixido por unha secretaria ou secretario xudicial.

2. A súa organización e funcionamento deberá respectar e cumprir o establecido nos protocolos de actuación que, para cada área de actividades, e en consonancia cos criterios xerais de homoxeneización do Consello Xeral do Poder Xudicial, aprobe a persoa titular da Secretaría de Goberno a proposta das persoas titulares das Secretarías de Coordinación Provincial.

Os protocolos de actuación terán en conta en todo caso e se adaptarán ao deseño e organización dos Servizos Comúns Procesuais Xerais establecidos pola Administración autonómica.

3. A concreción das funcións asignadas aos distintos postos que integrarán as relacións de postos de traballo realizarase a través dos respectivos manuais de funcións e procedementos, cuxo cumprimento terá carácter obrigatorio.

Artigo 7. *Estrutura, creación e entrada en funcionamento*

1. Os servizos comúns procesuais xerais que deben existir nos diferentes partidos xudiciais determinanse por orde do titular da consellería competente en materia de xustiza, atendendo á planta xudicial, os medios persoais e materiais, a carga obxectiva de traballo e as características do partido xudicial.

2. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de xustiza se determinará a súa creación. Dita orde concretará o ámbito territorial e as funcións que deberán asumir ditos servizos, sen prexuízo de que se poidan ampliar de forma gradual e progresiva, segundo as necesidades de cada partido xudicial.

3. Para os efectos previstos no parágrafo anterior, no anexo deste decreto reflíctese a distribución territorial e estrutura prevista. Este anexo poderá ser modificado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de xustiza para adaptalo ás necesidades organizativas e funcionais que xurdan nos respectivos partidos xudiciais.

4. En función das características e necesidades específicas de cada partido xudicial, os servizos comúns procesuais xerais poderán estruturarse en seccións, e estas á súa vez en equipos.

Artigo 8. Coordinación coa Oficina Fiscal e o Instituto de Medicina Legal de Galicia

Promoverase a coordinación de actuacións coa Oficina Fiscal e o Instituto de Medicina Legal de Galicia, impulsándose particularmente os mecanismos de interoperabilidade e aproveitamento de recursos.

Artigo 9. Utilización das novas tecnoloxías

1. O uso dos medios e sistemas informáticos postos a disposición da Administración de xustiza en Galicia terá carácter obrigatorio na actividade dos servizos regulados neste decreto, de acordo coa normativa vixente, e instrucións que se diten polos órganos competentes.

2. Estes medios empregaranse con carácter preferente nas relacións con cidadáns e profesionais, así como co resto das Administracións e organismos públicos

Artigo 10. Igualdade

Os principios de igualdade de xénero deberán terse en conta no funcionamento da oficina xudicial, en cumprimento das previsións establecidas na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na comunidade autónoma de Galicia e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención integral da violencia de xénero.

Artigo 11. Promoción do uso do galego

Garantirase o dereito da cidadanía a poderen utilizar calquera das dúas linguas oficiais, castelán e galego. Con esta finalidade, potenciarase e promoverase o uso de galego no ámbito de actuación dos servizos comúns procesuais xerais en Galicia, tanto mediante a posta a disposición dos recursos técnicos necesarios como con outras medidas de difusión, sensibilización ou promoción profesional.

Disposición adicional primeira. Ordenación do persoal

1. A ordenación do persoal dos corpos xerais da Administración de Xustiza que pasen a prestar servizo nos servizos comúns procesuais xerais realizarase a través das correspondentes relacións de postos de traballo.

2. Mentres non se aproben as relacións de postos de traballo e se produzan os correspondentes procesos de acoplamento e nomeamento nos novos postos de traballo, o persoal ao servizo da Administración de xustiza continuará prestando servizos nos seus actuais destinos coas retribucións que lles correspondan.

3. As relacións de postos de traballo serán públicas e o proceso de acoplamento do persoal realizarse de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, conforme á redacción dada á mesma pola Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro e no Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, aprobado por Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro.

4. O proceso de acoplamento do persoal á nova estrutura irá acompañado de accións formativas.

Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. *Desenvolvemento da estrutura organizativa dos servizos comúns procesuais xerais.*

A estrutura organizativa prevista neste decreto implantarase de forma progresiva, segundo o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición transitoria segunda. *Servizos comúns creados con anterioridade.*

1. Os servizos comúns creados anteriormente á entrada en vigor deste decreto, quedarán suprimidos a medida que se poñan en funcionamento os previstos nel.

2. O persoal destes servizos quedará adscrito provisionalmente aos postos que ocupaban neles ata que finalice o correspondente proceso de acoplamento e nomeamento nos novos postos de traballo.

Disposición transitoria terceira. *Mantemento de retribucións*

Manteranse as retribucións complementarias fixas que os funcionarios dos Corpos xerais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza perciban no momento da implantación da nova organización se con ocasión do proceso de acoplamento non puidesen ser confirmados en postos de similares características e pasase a desempeñar un posto de traballo xenérico con retribucións complementarias inferiores. O mantemento destas retribución non

poderá ser obxecto de compensación nin absorción e manterase mentres non se produza un cambio de posto de traballo voluntario.

Disposicións finais

Disposición final primeira. *Entrada en funcionamento dos servizos comúns procesuais xerais.*

A entrada en funcionamento determinarse por resolución do titular da dirección xeral competente en materia de xustiza.

Disposición final segunda. *Habilitación*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de xustiza a ditar cantas disposicións sexan necesaria para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil catorce

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

ANEXO : ESTRUCTURA TERRITORIAL PREVISTA

Previsión dos Servizos comúns procesuais xerais a crear nos distintos partidos xudiciais e da súa estrutura, que se establece en tres niveis:

NIVEL I. Servizo común xeral procesual do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Existirá un servizo común xeral procesual común a todas as Salas, Sala de Goberno, Secretaría de Goberno e Unidade de Apoio da Presidencia.

Asumirá as funcións de rexistro xeral de entrada, reparto, información e atención ao cidadán, arquivo único de xestión, depósito de efectos, apoio territorial e soporte administrativo da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial e Galicia.

NIVEL II. Servizo común xeral procesual nas cidades

Existirá un servizo común procesual xeral nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Cada un deles asumirá as funcións de rexistro xeral de entrada , reparto, información e atención ao cidadán e vítima, actos de comunicación e execución (excepto Vigo e Coruña que manterán diferenciado o Servizo Común de Notificacións e Embargos), funcións auxiliares, apoio local, arquivo e depósito de efectos.

En A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, sede dos arquivos territoriais, as funcións correspondente a este tipo de arquivos.

NIVEL III. Servizo común xeral procesual nas vilas con tres ou máis xulgados

En cada unha das vilas de Betanzos, Carballo, Ribeira, Cambados, O Porriño, Vilagarcía, Pontearreas, Cangas de Morrazo e Tui existirá un servizo común xeral procesual que prestará servizo centralizado a todos os xulgados de primeira instancia e instrución. Este servizo asumirá as seguintes funcións: rexistro xeral de entrada, reparto, información xeral ao público, actos de comunicación e execución, funcións auxiliares, arquivo de xestión e depósito de efectos.

As funcións enumeradas neste anexo poden ser ampliadas ou modificadas por resolución da Dirección Xeral competente en materia de xustiza, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.